

Asunto: Complemento proposta modificación RPT Consellería do Mar

Con data 13/10/2022 recíbese nesta Secretaría Xeral Técnica escrito da Dirección Xeral da Función Pública solicitando aclaracións sobre a proposta de **modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería do Mar**, derivada dunha nova estrutura orgánica, codificada como **PE-D-01-2021**, que a continuación se expoñen:

- No que respecta ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, foi solicitado o 04/08/2022 sen que ata o momento se recibise resposta escrita.
- O posto codificado como PEC994020136600037 (Posto base subgrupo C2 do Centro de Investigacións Mariñas) non está incluído nos postos a amortizar da proposta por un erro material; no seu lugar, entre os postos a amortizar figura outro posto de características idénticas do mesmo centro codificado como PEC994020136600036. Solicítase que se cambie un posto polo outro, de xeito que se amortice o posto con código PEC994020136600037 e non se amortice o posto con código PEC994020136600036; ámbolos dous postos son vacantes puras.

Por outra banda, no tempo transcorrido dende a remisión da proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería do Mar acaeceron feitos que motivan a proposta de novas modificacións puntuais:

1.- MODIFICACIÓN DO POSTO DE XEFATURA DE SECCIÓN DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS PESQUEIROS (PEC030000215770052) DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Tendo en conta que esta xefatura de sección é a que vertebra todas as medidas de mellora da comercialización dos produtos do mar a implantar na Comunidade Autónoma de Galicia, que cada vez adquire mais importancia a correcta canalización dos fondos europeos de forma que se deben crear liñas e dinamizar accións que posibiliten o acceso do sector a eses fondos e que

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



para a tramitación destes fondos é preciso ter coñecementos e formación en procedemento administrativo, subvencións, contratación e tramitación contable, entre outros, faise preciso que esta praza estea reservada a persoal funcionario de corpos xerais de xeito que as súas funcións sexan as axeitadas para dar cobertura ás labores a desempeñar neste posto de traballo.

Polo tanto solicítase un cambio de subgrupo, corpo e escala para este posto de traballo, actualmente reservado á escala de ciencias, especialidades de bioloxía e de ciencias do mar (ESC1/ESC3), de xeito que se reserve aos subgrupos A1, A2 e C1 de corpos xerais, e da área funcional económica-orzamentaria (ECO).

2.- MODIFICACIÓN DO POSTO DE OFICIAL 1ª MANTEMENTO (PEC994030136560098) DO INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO DE VIGO

Con data 19/10/2022 o Xulgado do Social nº 6 de Vigo ditou sentenza no PO 831/2021, da que se acompaña copia, declarando que o ocupante deste posto (persoal laboral temporal) ten a consideración de traballador indefinido non fixo; de acordo coa información facilitada polo Gabinete Xurídico Territorial de Vigo, a sentenza non se vai recorrer polo que proximamente será declarada a firmeza da mesma. Polo tanto, no posto deberá constar a observación pertinente: "Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo".

3.- CREACIÓN DUN POSTO DE ANALISTA DE LABORATORIO NO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA

Recentemente e tras os trámites pertinentes foi readmitido no Instituto Galego de Formación en Acuicultura un traballador declarado persoal laboral indefinido non fixo, da categoría de analista de laboratorio, que tomou posesión no devandito centro o 07/10/2022. No centro non existen postos axeitados para a súa adscrición polo que, existindo dotación orzamentaria, solicítase a creación dun posto de Analista de Laboratorio (PEC994030136235053), para o que se aportan os pronunciamentos xudiciais correspondentes, de modo que o posto sexa acorde á categoría profesional do traballador; así mesmo, debe engadirse no mesmo a observación "Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo".

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



4.- AMORTIZACIÓN DO POSTO BASE SUBGRUPO C2 (PEC994010127085031) DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE BURELA

Con data 30/09/2022 cesou por xubilación o titular deste posto de traballo, que quedou vacante e sen ocupar, polo que se solicita a súa amortización, xa que desde a declaración a extinguir da escala os postos vanse amortizando a medida que quedan vacantes para reutilizar o crédito noutras necesidades da consellería.

A documentación que se xunta a esta proposta complementaria consiste nunha memoria económica, así como documentación relativa ás sentenzas que xustifican dous dos cambios propostos (creación do posto de Analista de Laboratorio no Instituto Galego de Formación en Acuicultura e inclusión no posto PEC994030136560098 da observación "Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo").

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Silvia Cortiñas Fernández

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

Consellería de Facenda e Administración Pública

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

